

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN DIALNET DA UNIVERSIDADE DE LA RIOJA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde formalizaron en data 07.06.2021 coa Fundación Dialnet, o convenio de colaboración referido, por un período máximo de catro anos, contados a partir do día da súa sinatura, e con posibilidade de prórroga por outros catro anos mais.

Que a Universidade de La Rioja ten desenvolvido o proxecto Dialnet, o cal facilita o acceso á produción científica de ámbito hispánico a partir da recompilación das fontes de información nas que a dita produción se publica, e que integra distintos recursos e servizos documentais que se prestan de forma libre e gratuíta a través de Internet a calquera usuario. Este proxecto é xestionado pola Fundación Dialnet, expresamente constituída para a realización de tal fin.

Que o instrumento convencional formalizado ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e a Fundación Dialnet para acadar os seguintes obxectivos: incluír en Dialnet os títulos de publicacións acordados polas partes co fin de poder ofrecer, de forma rápida e eficiente, os contidos aos usuarios de Dialnet, e sentar as bases para a prestación de novos servizos documentais que poidan ser de interese do colectivo docente e investigador en xeral, e para as persoas usuarias da Biblioteca Virtual Bibliosaúde (biblioteca dixital constituída polo conxunto de bibliotecas do Sistema Sanitario Público galego) en particular.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Dunha banda, na natureza da Fundación Dialnet e nos obxectivos para os cales foi constituída, de acordo co apuntado anteriormente. E doutra, na propia configuración e obxectivos da biblioteca dixital Bibliosaúde, dirixida fundamentalmente aos profesionais e usuarios dos servizos públicos de saúde, e que pon ao seu dispor información relevante para a toma de decisións na práctica clínica, a docencia e a investigación, ademais de fomentar a actualización e reciclaxe daqueles.

Asemade, tanto a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, como a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, coinciden na necesidade de establecer unha colaboración eficaz entre as Universidades e as Institucións Sanitarias a través da formalización dos acordos e convenios que se consideren oportunos, de modo que toda a estrutura asistencial do sistema sanitario poda estar en disposición de ser empregada para a formación continuada dos distintos profesionais.

As partes asinantes comparten, polo tanto, o obxectivo común de contribuír ao desenvolvemento dunha infraestrutura que facilite un acceso exhaustivo á produción científica de ámbito hispano e de ofrecer recursos e servizos documentais en beneficio da comunidade académica e investigadora e da sociedade en xeral, a través da cooperación bibliotecaria.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

